

COLGADOIRO ARCOIRIS!



Este colgadoiro está feito todo con materiais de refugallo que de seguro podes atopar na túa casa. Precisamos:

- Un rolo de cartón (o do papel hixiénico).
- Folios brancos ou de cores.
- Cartón.
- Cola branca.
- Acuarelas o témperas.
- Fío ou algo para colgar (no meu caso foi a asa dunha bolsa de papel).

Agora vouche ir explicando como facelo paso a paso:



1. Corta folios en tiras ao longo (folio en vertical).
2. Se os folios non son de cores, pintaos ti. É moi doado, só precisas o papel cortado, coller as acuarelas e pintalos. Se o fas con témperas ten coidado, pois é máis espeso. Tamén podes facelo con ceras de cores.

Xa ves que hai moitas alternativas para poder facer as tiras de cores.

3. Se as pintaches, deixa que sequen e mentres pinta o rolo de papel.
4. Cando este todo listo xa podemos pasar a traballar as tiras de cores e pegalas no rolo. Podemos dobrar o papel de varias formas, como ves nas fotos.




ENCARTADO



DOBRANDO COA AXUDA DUN LAPIS

5. Unha vez temos os papeis listos, imos a pegalos no rolo de papel pola parte interior. Para iso ten prepara a cola e vai poñendo unhas gotiñas no extremo da tira de cor.



6. Agora imos a facer a nube. Aquí podemos facelo de dúas formas:

- 1) Podes debuxar a nube nun cartón e recortala.
- 2) Recorta unha nube de cartón e dálle volume con papel.

Para isto precisas facer a mestura de cola branca e algo de auga. Recorta anacos de papel de refugallo e móllaos na mestura. Logo vains colocando na nube de cartón facendo montonciños e dándolle forma de nube. Non esquezas escorrer o exceso de auga apertando o papel un pouco.



7. Unha vez este seco, xa podemos pintar e decorar a nosa nube. Este paso é libre, quero que sexas creativ@!



Eu decidín pintala con acuarelas e logo engadir un pouco de purpurina en xel.

8. Agora só queda que seque e xa podemos montar a nosa nube.
1. Se fas a versión con releve, lembra que precisas unha cola un pouco máis forte. Eu fíxena coa pistola de silicona.
 2. Coloca a nube na parte central do rolo de papel.
 3. Coloca no rolo de papel (de un lado a outro), un fío para poder colgalo. Ou xe atopas na casa unha bolsa de papel para reciclar, colle a asa da mesma e emprégaa como fío.

E con iso... xa rematas o teu colgadoiro!!!

